



Entregados os 716 títulos de propiedade da parcelaria de Boqueixón-Granxa

A Xunta investiu máis de 1,3 millóns nun proceso de concentración de 615 hectáreas que beneficiou a 397 veciños e veciñas, que viron triplicada a superficie das súas parcelas

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, e o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, presidiron a entrega de 716 títulos de propiedade da concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón e San Lourenzo de Granxa, dando así por rematado este proceso que supuxo un investimento de máis de 1,3 millóns de euros por parte da Xunta. Un acto no que participou tamén o deputado autonómico Ovidio Rodeiro.

Esta parcelaria comprende unha superficie de case 615 hectáreas e beneficiou a 397 propietarios, que viron como a superficie media das súas parcelas se triplicou. Así, salientou a directora, pasouse dunhas 2.200 parcelas iniciais a 716 fincas resultantes, o que conlevou unha mellora da estrutura territorial das explotacións da zona e, por



Entrega dos títulos de propiedade da parcelaria de Boqueixón-Granxa

tanto, unha diminución nos seus custos de produción.

50% concentrado

Pola súa banda, Manuel Fernández Munín agradeceu a iniciativa da Xunta de Galicia e celebrou a fin do único proceso de concentración parcelaria aberto no municipio, “polo que a día de hoxe temos máis do 50% da nosa superficie concentrada”.

Isto suma case 4.000 hectáreas que se reorgani-

zaron a través de distintos procesos de reestruturación parcelaria acometidos nos últimos anos.

A directora xeral puxo en valor estes procesos, que se converten nunha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na comunidade galega, dende o punto de vista da estrutura da propiedade. Así, destacou que a día de hoxe quedan 94 procesos abertos, pero que en 58 deles os veciños xa poden facer uso das novas parcelas.

Representación xeorreferenciada das novas fincas

Por outra banda, ponse a disposición de todas as persoas interesadas a descarga da representación gráfica xeorreferenciada das novas fincas resultantes da concentración parcelaria na páxina web da propia Consellería.

Estes ficheiros descargables poden ser utilizados para posteriores operacións que necesiten dunha inscrición rexistral. Isto permite dar unha maior seguridade aos datos de ubicación, delimitación e superficie dos predios que sexan obxecto do tráfico xurídico posterior á concentración parcelaria.

O Concello lembra da importancia de avisar ao 012 dos niños de velutina

O Concello de Boqueixón lembra da importancia de que a veciñanza contacte co Teléfono de Atención e Información á Cidadanía 012 cando se detecte un niño de vespa asiática, sobre todo tendo en conta que nesta época do ano comeza o aumento da súa actividade.

Ao igual que en anos anteriores, desde a alerta recibida no Teléfono de Atención e Información á Cidadanía 012, o prazo medio para a súa retirada é de 5 días hábiles, se ben pode ser maior en casos onde os niños son inalcanzables ou dificilmente accesibles e requiren actuacións complementarias ou permisos administrativos ou de propietarios. Cando os avisos se corresponden cunha urxencia ou son de risco especial por estar en lugares moi concorridos son derivados aos servizos a través do 112.

En 2021, no segundo ano en vigor do Plan centralizado de retirada de niños acordado entre a Xunta e os concellos a través da Fegamp, os efectivos de Seaga encargados desta encomenda nos concellos galegos adheridos eliminaron case 18.000 niños. Neste ano actuarán en 306 concellos, chegando deste xeito ao 98% dos municipios da comunidade.

“IgualARTE, obradoiros en igualdade”, para conciliar a vida laboral e familiar

O Concello de Boqueixón organiza durante as vacacións escolares de Semana Santa a iniciativa “IgualArte, obradoiros en igualdade”, diferentes talleres lúdicos e creativos que sensibilizan á rapazada en favor da igualdade.

As actividades desenvolveranse nas instalacións municipais do Forte e no CPIP Antonio Orza Couto os días 11, 12, 13 e 18 de

abril. O horario de entrada será de 9:00 a 10:00 horas e o de saída será de 13:30 a 14:00 horas.

Os obradoiros están dirixidos a nenos e nenas en idade escolar, é dicir, entre 3 e 12 anos de idade. Así mesmo, a participación na actividade é totalmente gratuíta.

O prazo de inscrición estará aberto do 1 ao 8 de abril enviando un e-mail a

cultura@boqueixon.com indicando: nome e apelidos, idade, parroquia e teléfono de contacto. O número de prazas é limitado.

“IgualArte, obradoiros en igualdade” está organizada polo Concello de Boqueixón e subvencionada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o Ministerio de Igualdade, polo que a participación é de balde.

Aberto o prazo do VIII Certame de Relato Curto “Xosé Neira Vilas”

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Neira Vilas e o CPI Antonio Orza Couto, organiza o VIII Certame de Relatos “Xosé Neira Vilas” para potenciar a lectura e a creatividade literaria e promover a lingua galega escrita como medio de creación e comunicación. Un certame aberto a rapaces e rapazas de Boqueixón ou que cursen estudos no municipio no que haberá tres categorías: 3º e 4º de Primaria, 5º e 6º de Primaria e Secundaria.

A temática é libre, se ben os traballos terán unha extensión mínima de 40 liñas (nas dúas primeiras categorías) e de 60 liñas (para os de Secundaria), tomando como referencia unha Calibri 12.

Os traballos serán orixinais, inéditos e de autoría propia, escritos a ordenador e en galego. Debe



conter un título, podendo incluír ilustracións.

Os traballos deberán entregarse antes do 21 de abril na biblioteca municipal ou no CPI Antonio Orza Couto. Para garantir o anonimato, cada traballo irá identificado coa categoría á que opta (1ª, 2ª, 3ª) e un pseudónimo (nunca nome real). Nun

sobre pechado, que irá grampado ao texto, introducirase a ficha de participación cos datos correspondentes.

O xurado estará composto por catro persoas en representación do Concello, do CPI Antonio Orza Couto, da Fundación Neira Vilas e do ámbito cultural municipal. O seu fallo, de carácter inapelable, farase público a través da web municipal e comunicarse persoalmente aos/as galardoados/as.

A entrega de premios terá lugar nun acto con motivo do Día das Letras Galegas 2022. Haberá tres premios por categoría: diploma, libro editado e un vale por material escolar de 125, 100 e 75 euros, respectivamente.

A Biblioteca conmemorará o Día do Libro agasallando un exemplar a cada veciño/a

A Biblioteca Municipal de Boqueixón conmemorará o Día Mundial do Libro, que ten lugar o sábado 23 de abril, agasallando un libro a elección de cada veciño e veciña do municipio. Os libros dispoñibles, froito de distintas doazóns de particulares e entidades, estarán expostos nas instalacións da Biblioteca entre o martes 19 e o venres 22 de abril, en horario de mañá (e pola tarde tamén os días 20 e 22 de abril).

A oferta de títulos e xéneros para escoller é variada. No caso dos máis pequenos, non faltan exemplares dos Bolechas ou da Disney (Tarzán, Patoaventuras...), canda outros personaxes máis propios dos seus pais e nais, como Mortadelo ou Zipi e Zape. O público adulto tamén poderá elixir entre novela e ensaio, tanto en galego como en castelán. De clásicos como Agatha Christie ata os tradicionais Cadernos de Gres.



Preparación dos exemplares que se repartirán de balde na biblioteca



1º PREMIO POR LIKES: "Tarta de filloas da Terra de Montes", de Esteban Viéitez. 715 "Gústame"



2º PREMIO POR LIKES: "Filloas da pedra", de Sara Cernadas Noya. 682 "Gústame"



Os dous primeiros levaron unha noite nas cabanas de María Manuela enoturismo e os segundos unha cea no Restaurante O Balado



1º PREMIO DO XURADO: "Comida de pobres", de Cristina Lareo



2º PREMIO DO XURADO: "Elaboración", de Paula Castillejo Torrijos

Gran participación na segunda edición de Filloarte

A Asociación Cultural da Filloa aproveitou un descanso da verbena da XXXIX Festa da Filloa de Lestedo para entregar os premios da segunda

edición do certame fotográfico "Filloarte", no que competiron 38 propostas. Na categoría popular, o primeiro premio foi para Esteban Viéitez e o segun-

do para Sara Cernadas. O xurado profesional outorgoulle o primeiro galardón a Cristina Lareo e o segundo a Paula Castillejo. Os dous primeiros clasificados

desfrutarán dunha noite nas Cabanas de María Manuela Enoturismo mentres que os dous segundos degustarán unha cea no Restaurante O Balado.

Éxito do primeiro Encontro de Mulleres Maiores de Boqueixón, Touro e Vedra

Apostan polo empoderamento da muller e a creación de puntos de intercambio de experiencias

O centro sociocultural de Touro acolleu o primeiro Encontro de Mulleres Maiores de Boqueixón, Touro e Vedra, unha iniciativa conxunta posta en marcha polos Concellos de Boqueixón, Touro e Vedra. Trátase do primeiro de varios encontros de mulleres cos que se busca empoderar e darlle visibilidade a mulleres maiores dos tres municipios, que teñen moita historia detrás e teñen unhas vivencias moi interesantes para compartir entre elas e co resto da sociedade.

Este primeiro encontro foi presidido polo alcalde de Touro, Ignacio Codesido Barreiro, xunto ao alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; a concelleira de Benestar Social, Muller e Igualdade de Vedra, María Susana García Lema; a concelleira de Servizos Sociais e Igualdade de Boqueixón, Ana María



O encontro tivo lugar no centro sociocultural de Touro

Seijo Mosquera; e o concelleiro de Asuntos Sociais de Touro, Alfredo Souto Castelo.

Ao evento celebrado no centro sociocultural de Touro acudiron dez mulleres do medio rural de cada concello, así como seis mulleres que, xunto coas moderadoras, compartiron as súas experiencias en torno a varias preguntas que ían xurdindo. Este primeiro encontro, deixou momentos moi emotivos como cando

Maruja, de Touro, desexaba emocionada que as súas netas non viviran o que pasou ela de nova.

Todas as mulleres presentes coincidiron en que non se podían deixar fuxir os dereitos conseguidos e que a independencia económica é un dos principais factores no que a igualdade entre homes e mulleres evolucionou. Destacaron que a todas lles tería gustado estudar cando eran novas.

Tanxugueiras: madriñas

A organización do encontro sorprendeu aos presentes cando conectaron telematicamente con Sabela e Olaia Maneiro, integrantes de “Tanxugueiras”, que foron recibidas con aplausos. Ambas agradecían a honra de ser madriñas do evento e puxeron en valor o papel das mulleres rurais galegas: “sodes uns referentes e unhas campioas por todo o que fixestes”. Ademais, interpretaron unha estrofa da canción “Que non mo neguen”, do seu primeiro disco “Tanxugueiras”

A directora do CIM, Cristina Carbajales, salienta que “con iniciativas coma estas queremos seguir fomentando o empoderamento da muller, reforzar o papel da muller na nosa sociedade. Un proceso de concienciación que se debe estender ao longo dos anos”.

Plantación do alumnado do CPI Antonio Orza no monte demostrativo do Pico Sacro

Un grupo de 23 alumnos/as de 1º da ESO do CPI Antonio Orza Couto participou nunha plantación de carballos, castiñeiros e cerdeiras no monte demostrativo do Pico Sacro. Unha iniciativa organizada pola Asociación Forestal de Galicia con motivo da celebración do Día Internacional dos Bosques.

Ao acto asistiron o al-

calde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, así como o vicepresidente de Relacións Institucionais da AFG, Francisco Dans del Valle, e o seu equipo técnico, quen lles explicaron ao alumnado as experiencias que están a levar a cabo no monte demostrativo do Pico Sacro e lles axudaron a facer a plantación de árbores frondosas.



As mulleres de Prevención da Dependencia comparten as súas experiencias vitais

A actividade “Historias de Vida” serviu para conmemorar o Día Internacional da Muller

“As palabras lévaas o vento, pero o escrito queda”. Son palabras de Socorro, unha das mulleres que participa no programa de Prevención da Dependencia de Boqueixón, e que resumen o obxectivo da actividade “Historias de vida”, levada a cabo co galo da conmemoración do Día Internacional da Muller. Unha actividade a través da cal cada unha destas mulleres recolleron nuns carteis os aspectos máis importantes das súas vidas.

Historias recollen a mulleres cheas de ensinanzas, fortes e decididas, ás que se lles da a oportunidade de compartir as súas vivencias de superación e traballo cos demais. Anuncia, Lucita, María, M^a Esther M, Esther S, Carmen e Socorro compartiron o resultado dos seus traballos coas súas familias nun acto, moi emotivo, que tivo lugar no local social de Vigo, no



O local social de Vigo acolleu o acto de entrega dos carteis de “Historias de vida”

que se desenvolven as actividades do programa de Prevención da Dependencia.

Un acto no que participaron o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; a concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ana M^a Seijo; a educadora familiar, María José Pereira, e a directora do Centro de Información á Muller, Cristina Carbaja-

les. Ao finalizar o acto o alcalde e a concelleira entregáronlles unha fotografía do grupo de participantes, como agasallo.

Aprender do xogo

Durante a xornada realizáronse divertidos xogos coas mulleres: ler os carteis e, a partir desa información, tratar de responder a distintas preguntas sobre os gustos e vivencias das

súas maiores, con anécdotas divertidas: “Pasei toda a miña vida muxindo vacas”, lembra Carmen, quen asegura ademais que “xa traballei bastante, agora gústame pasear”. “Se puidese estudar, sería mestra”, sinala Esther M. “Tiven que explicarlle aos máis mozos que se hai un bar que se chama O 26 é porque antes había unha gran feira en Lestedo, con bois, vacas, moitas casas de comida... e iso estase a olvidar”, incidiu Socorro.

O Concello de Boqueixón ten previsto organizar unha exposición na casa consistorial con todos estes traballos. Esta iniciativa, organizada polos departamentos de Servizos Sociais de Boqueixón e o Centro de Información á Muller, está subvencionada con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e o Ministerio da Igualdade.



Xornadas de promoción do voluntariado no ano Xacobeo

O Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude vén de acoller unha xornada de promoción do ano santo Xacobeo 2022. Un acto no que participaron integrantes de Protección Civil Boqueixón e o alcalde, Manuel Fernández Munín.



8M: no camiño da igualdade

“A igualdade de xénero non é cuestión dun día. Debe ser un compromiso ineludible de toda a cidadanía. Porque o 8-M debe consolidar o alcanzado para poder seguir camiñando: no camiño da igualdade”. Así remataba o alcalde, Manuel Fernández Munín, o manifesto do 8M, día no que o Concello entregou agasallos aos escolares co lema do CIM e se lles convidou a percorrer o camiño da igualdade os 365 días do ano.

Éxito total da Festa da Filloa de Lestedo

Había gañas de festa. Milieiros de persoas desfrutaron da XXXIX Festa da Filloa de Lestedo e do Alto dos Xeneais da Ulla. A celebración tivo lugar con seguridade e a “responsabilidade” dos asistentes, como destacou a conselleira do Mar, Rosa Quintana, que presidiu o evento canda o conselleiro de Sanidade, Julio García; a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o deputado Ovidio Rodeiro; o deputado de Promoción Económica da Deputación, Blas García, e o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández.

Xosé Manuel Lobato deu un poético pregón e recibiu un dos Mandís de Honra, canda o xornalista Víctor Furelos e o director do CIFP Compostela, Ramiro Esparís. A AAVV de Lestedo estreou a mostra fotográfica “39 anos filloando”, que tivo gran acollida.



A Filloa de Lestedo irmándase co Galo de Curral de Vila de Cruces

O CIFP de Santiago acolleu unha masterClass con Filloas de Lestedo, cociñeiro do Grupo Nove e propietario do Restaurante O Balado, un dos catro de Galicia recoñecidos cunha Estrela Verde. Unha iniciativa organizada pola Asociación Cultural da Filloa e o GDR Terras de Compostela para amosar aos futuros cociñeiros/as as posibilidades culinarias da Filloa de Lestedo. Entre os pratos propostos por Roberto Filgueira figuraban maridaxes da filloa con foie, queixo azul, lubina e Galo de Curral de Vila de Cruces.

En marcha o Rexistro municipal de familias de acollida para refuxiados

O Concello de Boqueixón creou un “Rexistro municipal de familias de acollida para persoas refuxiadas” para axudar ás persoas e familias desprazadas de Ucraína debido á guerra. Nel figurarán as persoas de Boqueixón dispostas a acoller algunha persoa/familia ou que estean dispostas a poñer algún piso ou casa á súa disposición. Se é o teu caso, ponte en contacto co Concello: 981 513 061 ou alcaldia@boqueixon.com.

Os datos serán postos a disposición do Goberno do Estado, a Xunta e a Fegamp no caso de que se organice algún programa de acollemento. O Concello lembra que nestes momentos as ONGs priorizan as achegas en metálico sobre as recollidas de alimentos e enseres. Máis información, na web municipal.



A orixe do Concello

A creación do Concello de Boqueixón data do século XIX, co tránsito do Antigo Réxime ao Estado liberal. O modelo organizativo do Antigo Réxime caracterizábase pola proliferación confusa de autoridades, con funcións non delimitadas á usanza de hoxe, e que actuaban sobre unhas divisións territoriais imprecisas e sobrepostas que pouco teñen que ver coa división municipal actual. Isto era así porque non obedecían a unha auténtica división administrativa, senón a unha situación de pertenza.

Os concellos non tiñan en Galicia, por imperativos orográficos e de asentamento da poboación, a tradición que tiñan por exemplo en Castela. Así só contaba con 57 concellos, o que supoñía só unha pequena parte do territorio, quedando entre eles extensas zonas da chamada "terra de reguengo". A parroquia suplía esta ausencia e permitía a organización espontánea e vigorosa dos consellos de parroquia ou asembleas veciñais para a resolución de problemas comúns.

Coa Constitución de Cádiz de 1812 comezan os intentos de racionalizar e simplificar o panorama organizativo. Galicia queda unificada como única provincia, substituíndo ás sete históricas. A nova Deputación Única propón os criterios que deben seguir os novos termos municipais pero a reacción dos partidarios do Antigo Réxime impediu o seu desenvolvemento.

Co inicio do trienio liberal en 1820 reiniciáase o proxecto. O municipio de Boqueixón situase ao sur da provincia da Coruña, á que pertence administrativamente. As parroquias que hoxe constitúen o concello de Boqueixón pertencían no Antigo Réxi-



Foto: Alex Pérez Rodríguez

me ás xurisdicións de Cira, Granxa, Istedo e Monte Sacro, Xiro de Rocha, Camanzo e Bendaña (formando parte todas elas da provincia de Santiago).

No ano 1820 realízase a división de Galicia en partidos xudiciais e nunha primeira proposta as parroquias do actual concello de Boqueixón foron integradas no partido xudicial de Santa María a Maior e Real de Sar e, á súa vez, estarían distribuídas entre os novos concellos de Sar, Vilar, Santa Cruz de Rivadulla, Vedra e Touro. Esta proposta será rexeitada en 1821, suprimíndose o partido e o concello de Sar. Este último é substituído polo de Santa Eulalia de Vigo, que xunto co de Vilar agruparon á maioría das parroquias do actual Boqueixón.

A nova organización só durou ata 1823 debido ao retorno de novo ao Antigo Réxime. Na división xudicial de 1834 desaparece o partido de Sar, sendo as parroquias de Boqueixón incorporadas ao partido de Santiago.

O actual organigrama territorial ten a súa orixe en 1833, cando se crearon as

actuais catro provincias, os Partidos Xudiciais e os Concellos. O Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 25 de abril de 1836, en base a un Real Decreto da Rexenta M^a Cristina, publica a nova división territorial que afecta a todo o Estado en base a criterios mecanicistas (os concellos non deberían medir máis de catro leguas). O Gobernador Civil da Coruña, Pío Pita Pizarro, adaptará en 1936 o Real Decreto ás circunstancias particulares de distribución da poboación galega, adquirindo a parroquia un lugar central na constitución dos concellos.

A Deputación Provincial da Coruña fixo a proposta de división municipal para o Partido Xudicial de Santiago nese mesmo ano de 1836, onde xa figura o Concello de Boqueixón con quince parroquias (as catorce actuais máis Marrozos, que se unirá en pouco tempo ao desaparecido Concello de Conxo).

Durante 1840, a corporación integrábana dous representantes por parroquia elixidos ente os maiores contribuíntes. Durante estes anos non existe casa propia do

concello, senón que as sesións celébranse nunha casa alugada na parroquia de San Vicente de Boqueixón.

No ano 1868, o alcalde don Manuel Couto Maceira pide unha subvención á Deputación por un importe de 2.000 reais para mercar unha casa do concello, pero o estalido da revolución de maio de 1868 fai desaparecer esta corporación. Tras a supresión territorial do concello pola Xunta Revolucionaria, a finais de 1868, a corporación reunírase na parroquia da Granxa, na casa de Don Manuel Mareque, depositario municipal.

Desde esta data ata 1950, a casa do concello carece dun lugar determinado e vaise trasladando a diferentes parroquias: Lamas, Casanova-Boqueixón, Istedo, Codedo..., unhas veces en casas alugadas e outras en domicilios dos propios alcaldes. Será en 1950, durante a alcaldía de Don Antonio Orza Couto, cando se decide situar a capitalidade do concello de forma definitiva no Forte. Así o 16 de novembro de 1953 inaugúrase a actual casa do concello.



O I Torneo Interclub de Judo reúne a máis de 130 nenos/as

Case dous anos despois, dende decembro de 2019, o pavillón polideportivo do Forte (Boqueixón) volveu acoller un torneo de judo. Máis de 130 nenos e nenas, de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, participaron no I Torneo Interclub de Judo, organizado pola Escola de Judo e o Concello de Boqueixón. O alcalde, Manuel Fernández Munín, fixo entrega de medallas a todos e cada un dos participantes e puxo en valor este tipo de iniciativas.

Xornada de detección de talentos femininos de rugby

O campo do Forte acolleu unha sesión do programa da Federación Galega de Rugby de detección de talentos femininos nas categorías M18 e M16, dirixida polas seleccionadoras Vanesa Rial e Mariana C. Romero. A actividade forma parte

da colaboración do Departamento de Deportes coas federacións para promover distintos deportes no municipio. Así, a Federación Galega de Rugby está disposta a desenvolver algunha campaña máis específica de promoción en Boqueixón.



AXENDA DO MES DE ABRIL

Sábado
2

Día Mundial do Autismo

A Casa do Concello iluminarase de azul como apoio ás persoas con autismo e as súas familias.

Luns
11

"IguarARTE, obradoiros en igualdade"

Instalacións municipais do Forte e CPIP Antonio Orza. De 9:00 a 14:00 h. De balde. Programa de conciliación familiar lúdico-educativo que terá lugar os días 11, 12, 13 e 18 de abril. Inscripcións sede electrónica ou rexistro municipal

Luns
11

Obradoiro de Lettering en Igualdade

CPIP Antonio Orza. De 11:00 a 13:00 h. De balde. Nenos/as de 4º, 5º e 6º de Primaria. 11, 12 e 13 de abril.

Martes
19

Conmemoración do Día do Libro

Biblioteca Municipal. Do 19 ao 22 de abril, en horario de mañá. De balde. Todos os públicos. Agasallo dun libro a todas as persoas que se acheguen pola biblioteca.

Venres
29

TEATRO

Casa da Cultura de Camporrapado, 19:00 h. O Grupo de Teatro de Maiores do Centro Social de Vedra presenta "Terapia Alternativa".

... e en maio

Domingo
8

Teatro do Club de Maiores de Boqueixón

Casa da Cultura de Camporrapado, 19:00 h. Estreo da obra "Un morto moi vivo". Reserva a túa praza no 981 513 115 ou cultura@boqueixon.com

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com